



CIRCULAR INFORMATIVA

Estimadas familias.

Tendo en conta a Comunicación conxunta das Consellerías de Sanidade e Educación sobre a recomendación do uso de máscaras nos patios dos centros educativos, na que se acorda **deixar de recomendar o uso das máscaras nos espazos ao aire libre dos centros educativos da comunidade**, no CEIP Juan Fernández Latorre decidimos que:

1º- Todo o alumnado de Educación Primaria voltará a facer a merenda do tempo de lecer no patio.

2º- Unha vez no patio, todo o alumnado tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria poderá sacar ou retirar a máscara. De volta ás aulas o alumnado maior de 6 anos deberá volver a poñer a máscara.

3º- O alumnado de E. Primaria que saque ou retire a máscara poderá: Gardala nun sobre ou nunha pequena bolsiña de tea e metela no peto, baixala por baixo do queixo ou colocala no brazo.

O alumnado de E. Infantil que saque ou retire a máscara poderá: Gardala nun sobre ou nunha pequena bolsiña de tea e metela no peto, gardala no peto do mandilón ou baixala por baixo do queixo.

En todos os casos a decisión de onde gardar a máscara será das familias tendo en conta a autonomía do alumno/a.

4º- O resto de "Medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte a COVID-19 para centros educativos" seguen en vigor: Uso de máscara en interiores, grupos burbulla, hixiene de mans, ventilación e distancia de 1,5 metros se hai contacto entre distintos grupos burbulla.

5º- O alumnado que acode a Comedor ou a outro tipo de actividades que se desenvolvan nos patios do colexio deberán actuar de acordo ás Medidas citadas nos puntos anteriores.

Lembramos que serán as propias familias as encargadas de dicirlles aos seus fillos/ as se deben retirar ou non a máscara no patio.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

A Dirección.